



ÓSCAR VÁZQUEZ

«O MIÑO. UN CAUDAL DE HISTORIA» [ ANSELMO LÓPEZ CARREIRA ]

## Un viaxe para nos entender

O HISTORIADOR LÓPEZ CARREIRA OFRECE UN SUXESTIVO E DIVULGATIVO ENSAIO NO QUE SE ARTICULA UNHA REVISIÓN HISTÓRICA DE GALICIA DESDE A ÓPTICA SINGULAR QUE OFRECE O RÍO MIÑO

**RAMÓN NICOLÁS** | Segue a deitar sorpresas a colección *Libro X* que hai algún tempo puxo en circulación Edicións Xerais. En *O Miño. Un caudal de historia* transita a intención dun historiador e divulgador

de longa experiencia, como é Anselmo López Carreira, de debuzarse en diversas dimensións do noso pasado, utilizando un suxeito para a narración ben diferente do que os libros destas características adoitan ofrecer e que é, como o seu título sinala, o río Miño. O percorrido que se ofrece, claro é, devén histórico mais tamén repara en moitos dos acontecementos que se proxectan na Galicia de arestora, isto é, como está configurada a través dos espazos físicos, mais tamén a través das pegadas que deixou a arte, o pensamento, as diversas doutrinas ideolóxicas, a economía, a onomástica, a literatura, a arquitectura ou os movementos sociais e políticos entre outros elementos, aplicando un proceso que desmitifica moitos deles, ma-

tizando algúns outros.

Así pois, vertebra a nosa historia o río Miño? Este libro confirma que si e faino inspirándose nunha concepción da historia como «elemento de cohesión social», optando por unha narración de carácter transversal, argumentada con brillantez e enchoupada dunha inequívoca vontade divulgativa.

A adopción dun rexistro expresivo pouco críptico e fluído, apelando en ocasións ao memorialístico e persoal, fai que se articule unha lectura destinada a un público amplo, cuns contidos dispostos á mantenta sen orde cronolóxica e que se anoa con tino mercé a acumulación de pequenas secuencias para agasallarnos, en definitiva, cunha viaxe que axuda a nos entender.

